



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Febreiro 2017

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Febreiro 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminuíu en Galicia un 1,4% en febreiro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 3,0%.
- Por produtos, a Alimentación rexistra un descenso nas vendas do 3,3% mentres que o Resto de produtos aumenta o 0,3%.
- Todas as comunidades autónomas diminúen as súas vendas en febreiro respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia é a quinta comunidade con menor descenso.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 3,1% no mes de febreiro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 2,0 puntos máis que en España (1,1%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,4% en Galicia, catro décimas menos que no conxunto do Estado (1,8%).
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de febreiro.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes


O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un descenso do 1,4% no mes de febreiro, co que rexistra a primeira taxa negativa desde 2014. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do -3,0%, inferior en 2,8 puntos á taxa do mes anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe o 1,2% respecto a febreiro de 2016, 3,0 puntos inferior á taxa do mes anterior. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas o 3,3% e resta 1,4 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizos. En España, as vendas na Alimentación diminúen o 1,8%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 0,3% e achega 0,2 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional diminúe o 3,1%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas diminúen as súas vendas en febreiro. Os maiores descensos danse en Extremadura (-4,9%) e Cataluña (-4,3%). Os menores descensos danse en Navarra (-0,2%), La Rioja (-0,7%) e Illes Balears (-0,9%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Febreiro 2017

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de febreiro de 2017, un incremento do 3,1% en Galicia e do 1,1% a nivel nacional.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,7% en Galicia, 2,0 puntos máis que en España (-0,3%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación diminúe as vendas o 1,5% e en España o 0,1%. O Resto de produtos rexistra un incremento das súas vendas en Galicia (3,6%) mentres que descenden en España (-0,4%).

Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2017

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice | Variacións (%) | |
|---|--------|----------------|-------------------|
| | | Interanual | No que vai de ano |
| Xeral | 84,6 | 3,1 | 4,5 |
| Xeral sen estacións de servizo | 82,2 | 1,7 | 3,3 |
| Alimentación | 88,7 | -1,5 | 0,1 |
| Resto | 77,7 | 3,6 | 5,4 |

■ Interanual
■ No que vai de ano

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,1%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,4% no mes de febreiro de 2016 en Galicia, catro décimas menos que no conxunto de España (1,8%).


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en febreiro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (5,5%) e Canarias (5,1%). En senso contrario, Castilla-La Mancha (0,7%) rexistra o menor crecemento.

Índice xeral de ocupación. Febreiro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = \left({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t} \right) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓN (%) | |
|--------------------------------|--------|---------------|----------------------|----------------------|---------------|----------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 84,6 | 3,1 | 4,5 | 79,2 | -1,4 | 0,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 82,2 | 1,7 | 3,3 | 77,1 | -1,2 | 0,4 |
| Alimentación | 88,7 | -1,5 | 0,1 | 78,1 | -3,3 | -1,3 |
| Resto | 77,7 | 3,6 | 5,4 | 76,3 | 0,3 | 1,7 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 84,3 | 1,1 | 2,6 | 79,0 | -3,0 | -1,5 |
| Xeral sen estacións de servizo | 83,8 | -0,3 | 1,3 | 78,6 | -2,7 | -1,2 |
| Alimentación | 94,7 | -0,1 | 1,5 | 83,5 | -1,8 | 0,2 |
| Resto | 76,6 | -0,4 | 1,2 | 74,9 | -3,1 | -2,1 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓN (%) | |
|--------------------------------|--------|---------------|----------------------|----------------------|---------------|----------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 99,1 | 3,1 | 4,8 | 91,8 | 0,7 | 1,7 |
| Xeral sen estacións de servizo | 97,4 | 3,9 | 4,6 | 89,9 | 1,2 | 2,0 |
| Alimentación | 102,5 | 0,4 | 1,8 | 90,5 | -1,2 | 0,6 |
| Resto | 93,8 | 6,5 | 6,7 | 89,0 | 1,1 | 2,5 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 97,9 | 3,8 | 3,5 | 90,2 | 0,0 | -0,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 97,8 | 2,5 | 2,4 | 90,4 | 0,5 | -0,1 |
| Alimentación | 107,5 | 3,3 | 2,7 | 94,9 | 1,8 | 1,4 |
| Resto | 91,7 | 2,7 | 2,0 | 87,1 | 0,1 | -1,0 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|----------------------|-------------|----------------|-------------------|-------------------|----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 84,3 | 1,1 | 2,6 | 79,0 | -3,0 | -1,5 |
| Andalucía | 79,3 | 0,4 | 1,9 | 74,4 | -3,5 | -2,1 |
| Aragón | 80,5 | 0,1 | 1,3 | 75,7 | -4,0 | -2,8 |
| Asturias | 79,4 | 1,0 | 2,2 | 74,7 | -3,1 | -1,9 |
| Balears, Illes | 91,4 | 3,3 | 5,0 | 85,0 | -0,9 | 0,8 |
| Canarias | 96,0 | 1,9 | 4,5 | 93,6 | -1,2 | 1,4 |
| Cantabria | 81,8 | 0,2 | 1,7 | 75,7 | -4,0 | -2,5 |
| Castilla y León | 82,7 | 1,0 | 2,0 | 77,0 | -3,7 | -2,6 |
| Castilla-La Mancha | 81,5 | 2,9 | 4,7 | 76,4 | -2,0 | -0,2 |
| Cataluña | 84,5 | 0,1 | 1,3 | 77,6 | -4,3 | -3,1 |
| Comunitat Valenciana | 85,8 | 0,9 | 3,0 | 80,7 | -3,0 | -1,0 |
| Extremadura | 84,7 | -1,3 | -0,1 | 80,1 | -4,9 | -3,8 |
| GALICIA | 84,6 | 3,1 | 4,5 | 79,2 | -1,4 | 0,1 |
| Madrid | 86,4 | 1,7 | 3,3 | 81,6 | -2,3 | -0,7 |
| Murcia, Región de | 80,5 | 2,0 | 2,9 | 75,2 | -2,0 | -1,1 |
| Navarra | 89,5 | 3,8 | 3,5 | 84,8 | -0,2 | -0,6 |
| País Vasco | 83,7 | -0,1 | 1,2 | 78,3 | -4,0 | -2,8 |
| Rioja, La | 86,9 | 3,8 | 4,6 | 80,6 | -0,7 | 0,2 |
| Ceuta | 88,4 | 1,5 | 2,6 | 85,3 | -1,8 | -0,6 |
| Melilla | 88,4 | -0,7 | 1,6 | 86,5 | -4,6 | -2,3 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 97,9 | 1,4 | 1,3 |
| Xeral sen estacións de servizo | 97,7 | 1,2 | 1,1 |
| España | | | |
| Xeral | 98,0 | 1,8 | 1,8 |
| Xeral sen estacións de servizo | 98,2 | 1,8 | 1,8 |

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|-------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 98,0 | 1,8 | 1,8 |
| Andalucía | 93,3 | 1,6 | 1,4 |
| Aragón | 96,7 | 1,7 | 1,9 |
| Asturias | 93,4 | 1,5 | 1,7 |
| Balears, Illes | 105,0 | 5,5 | 5,5 |
| Canarias | 105,9 | 5,1 | 5,4 |
| Cantabria | 99,8 | 1,2 | 1,4 |
| Castilla y León | 98,8 | 1,5 | 1,5 |
| Castilla-La Mancha | 99,0 | 0,7 | 0,5 |
| Cataluña | 100,7 | 1,3 | 1,3 |
| Comunitat Valenciana | 100,4 | 1,9 | 2,0 |
| Extremadura | 100,0 | 1,7 | 1,7 |
| GALICIA | 97,9 | 1,4 | 1,3 |
| Madrid | 95,5 | 1,7 | 1,6 |
| Murcia | 94,2 | 1,8 | 1,8 |
| Navarra | 97,1 | 1,6 | 1,5 |
| País Vasco | 98,4 | 1,5 | 1,7 |
| Rioja, La | 99,6 | 1,1 | 1,4 |
| Ceuta | 100,3 | 0,6 | 0,3 |
| Melilla | 103,6 | 1,3 | 1,3 |

Fonte: INE